

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Modelo MD81PLA01

Proxecto Funcional do CIFP PASEO DAS PONTES

Período: 2025-2029

Aprobado consello social 18/12/2025



Índice

1	Descrición do ámbito económico, social e laboral do CIFP	3
2	Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP	8
3	Sistema organizativo do CIFP	12
4	Procedementos de xestión do CIFP	14
5	Oferta integrada	15
5.1	Ensinanzas propias da formación profesional inicial.....	15
5.2	Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras.....	16
5.3	Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada	18
5.4	Outras.....	18
6	Programacións das accións formativas existentes no CIFP	18
7	Plan de orientación profesional.....	18
7.1	Plan de acción tutorial	18
8	Proxecto lingüístico do CIFP	18
9	Plan de autoprotección	19
10	Plan de organización e convivencia da residencia (de ser o caso)	19
11	Dispoñibilidade e accesibilidade aos servizos e ás instalacións do CIFP	19
12	Dereitos e deberes do alumnado	24
13	Outros proxectos ou plans que o CIFP pretende desenvolver	24



1 Descripción do ámbito económico, social e laboral do CIFP

O CIFP Paseo das Pontes naceu como IES no ano 1999 e consolídase como Centro Integrado de Formación Profesional co Decreto 118/2011, que lle permite artellar unha oferta ampla e integrada de FP nas familias de Hostalaría e Turismo, Industrias Alimentarias e Téxtil, Confección e Pel.

O centro está situado na cidade da Coruña (rúa San Pedro de Mezonzo, preto da Ronda de Nelle e a avenida de Finisterre), cunha excelente conectividade de transporte (estación de tren e autobuses a menos de 25 minutos a pé, bo acceso por estrada e proximidade ao porto e ao aeroporto).

Ao longo destes anos, o CIFP Paseo das Pontes consolidouse como referente comarcal e galego nas súas familias profesionais, atraendo alumnado non só da cidade senón de toda a área metropolitana e doutras provincias, e mesmo doutras comunidades autónomas, especialmente nos ciclos de Téxtil.

Ámbito xeográfico e socioeconómico

CIFP Paseo das Pontes sitúase no concello da Coruña, cidade media europea que en 2024 contabiliza arredor de 249.000 habitantes segundo datos do IGE ecun crecemento sostido cun aumento superior a 5.000 persoas desde 2019, impulsado en boa medida pola atracción de talento novo e emprego en sectores como tecnoloxía, servizos avanzados e economía azul.

O 8,5 % da poboación municipal son persoas estranxeiras (21.000 persoas). Esta porcentaxe sitúa A Coruña por enriba da media galega de poboación estranxeira (5,5 % en 2024) e reflicte un proceso de internacionalización crecente. A nivel educativo, no conxunto de cinco anos, duplicouse o peso do alumnado migrante no sistema educativo galego, aínda que esta chegada non compensa totalmente a caída demográfica

Ademais, A Coruña é un dos principais polos urbanos e económicos de Galicia, cunha forte presenza dos sectores servizos, comercial, hostaleiro, turístico e loxístico, xunto cun eixo industrial e tecnolóxico de importancia: polígonos de A Grela, Sabón, Pocomaco, Vío e a Cidade das TIC, en proceso de consolidación como polo tecnolóxico vinculado a TIC, drones, ciberseguridade e industria 4.0.

A economía galega en conxunto mantén unha aposta clara pola cualificación profesional, a FP dual e a dixitalización, como recolle a Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, que define sete eixes e 44 medidas para consolidar unha rede de CIFP de excelencia e reforzar a empregabilidade, especialmente no medio rural e nos sectores emerxentes.

En paralelo, o crecemento da oferta de prazas de FP en Galicia é continuado: para os últimos cursos supéranse as 49.000 prazas de novo ingreso, cun incremento notable de prazas en modalidades innovadoras (formacións aceleradas, FP dual, programas para adultos) e cunha moi elevada inserción laboral, que supera o 80-85 % en moitas familias.

Todo isto sitúa o CIFP Paseo das Pontes nun entorno socio económico no que:

- Aumenta a diversidade de perfís socioeconómicos e culturais.
- Incrementase a demanda de vivenda e servizos, que levou a que A Coruña fose declarada en 2025 como zona de mercado residencial tensionado, con prezos de alugueiro e compra que superan claramente o esforzo económico recomendado para moitos fogares.
- Se demanda perfís hostaleiros e turísticos cunha forte compoñente de calidade, sostibilidade e dixitalización.



- Se require profesionais de industrias alimentarias orientados á calidade, seguridade alimentaria e innovación en produtos.
- Mantense unha necesidade constante de perfil téxtil e de confección adaptado ás novas cadeas de valor (moda, deseño, produción responsable, servizos ligados ao téxtil).

Estes factores afectan directamente ao alumnado de FP:

- Parte do alumnado procede doutras zonas e precisa aloxamento en alugueiro, en moitos casos con economías familiares axustadas.
- A diversidade cultural e lingüística é cada vez maior, o que supón oportunidades de enriquecemento e tamén necesidades de apoio á integración.

Por outro lado cabe destacar a percepción xeneralizada de aumento do alumnado con NEAE, confirmada tanto polas estatísticas estatais como polo movemento social en defensa de máis recursos de apoio en centros públicos da área da Coruña. A transición dos estudantes de ESO e Bacharelato cara á FP implica que parte do alumnado con trastornos do espectro autista, dificultades específicas de aprendizaxe, trastornos de conduta ou problemas de saúde mental chegará tamén aos ciclos formativos. A tendencia xeral do sistema (aumento do 75 % en alumnado con apoio en seis-catro anos) indica que o centro debe prepararse para:

- Un incremento relativo de alumnado con trastornos de aprendizaxe e conduta
- Unha maior presenza de estudantes con trastornos de ansiedade, depresión ou outras dificultades de saúde mental, especialmente en idades de 16-24 anos.

Ámbito tecnolóxico

1. Dixitalización masiva da FP e presión para actualizar currículos

A nivel europeo, a Comisión Europea ten marcados dous horizontes claros:

- 80 % da poboación adulta con competencias dixitais básicas en 2030 (Axenda Dixital/Digital Decade).
- Un Plan de Acción de Educación Dixital 2021–2027, que obriga a modernizar sistemas educativos e formativos, incluídas a FP inicial e continua, cun uso intensivo das tecnoloxías.

CEDEFOP está advertindo de que a dixitalización e a industria 4.0 están a cambiar tan rápido as competencias esixidas que moitas cualificacións de FP corren risco de obsolescencia tecnolóxica, e que fai falta unha “nova revolución” nas competencias dixitais en FP.

2. Integración da Intelixencia Artificial (IA) na FP: ferramenta, contido e obxecto de debate ético

UNESCO, a través de UNESCO-UNEVOC e IIEP, está a situar a IA como eixo central da modernización da FP (TVET): IA para personalizar aprendizaxes, plataformas intelixentes, simuladores e analítica de datos para adaptar itinerarios, etc. Ao mesmo tempo, organismos europeos (EfVET, CEDEFOP) están a avisar de:

- O risco de brecha dixital entre titulados FP con boa base en IA/datos e quen non a teña.
- A necesidade de criterios claros sobre ética, privacidade, protección de datos e uso responsable da IA no ensino.

3. Industria 4.0 e transformación dos talleres de FP



A industria 4.0 (IA, IoT, robots colaborativos, realidade aumentada, big data, ciberseguridade...) xa é descrita como pilar da competitividade industrial en informes de universidades, empresas tecnolóxicas e organismos como o Foro Económico Mundial.

Para a FP isto implica adaptar talleres e aulas a “laboratorios conectados”: máquinas con sensores, datos en tempo real, simulación virtual de procesos, etc., pero tamén incorporar ciberseguridade industrial e seguridade de datos tamén en ciclos técnicos.

Por outro lado, haberá que aprender a traballar con sistemas ERP, MES, PLM (por exemplo, formación en SAP, sistemas de xestión da produción, etc.), porque o mercado laboral xa está a pedilo de forma explícita.

4. Ensino híbrido, e-learning avanzado e credenciais dixitais

Tras a pandemia, a FP viu como se aceleraban:

- O uso de plataformas virtuais, aulas online e materiais dixitais.
- O salto cara a sistemas de e-learning con contido automatizado, onde se estima que arredor do 65 % das plataformas incorporarán xeración automática de contido e personalización baseada en IA a curto prazo.

Ao mesmo tempo, a UE está a avanzar cara a pasaportes europeos de competencias, microcredenciais e un potencial “European VET Diploma” a partir de 2026, o que implica interoperabilidade de datos e rexistro dixital de aprendizaxes.

5. Competencias dixitais e brecha de capacidades en FP

A Comisión Europea e o Consello da UE fixaron como meta que, en 2030, 4 de cada 5 persoas teñan, polo menos, competencias dixitais básicas. Os informes recentes sinalan que, ao ritmo actual, non se chegaría a este obxectivo sen medidas adicionais, especialmente en colectivos con formación profesional.

CEDEFOP mostra tamén que moitas persoas con perfil de FP están en desvantaxe á hora de:

- Manter actualizadas as súas competencias dixitais.
- Acceder a formación permanente de calidade en tecnoloxías avanzadas.

6. Sostibilidade, impacto ambiental da tecnoloxía e ESG

A transformación dixital vai da man da axenda verde. Diversos informes sinalan que a IA e a dixitalización poden xerar un enorme valor económico, pero tamén un consumo moi elevado de enerxía e recursos, polo que só terán sentido se se integran en estratexias ESG (ambientais, sociais e de gobernanza) responsables.

7. Novos modelos de calidade e “centros de excelencia” tecnolóxica

O Ministerio e a UE están a impulsar Centros de Excelencia en FP ligados a sectores tecnolóxicos (IA, Big Data, ciberseguridade, fabricación intelixente...). A tendencia vai cara a centros FP con laboratorios intelixentes, xestión de campus mediante IA, etc. Mesmo os centros que non sexan “de excelencia nacional” veranse empurrados a elevar o seu nivel tecnolóxico para non quedar atrás.

Ámbito normativo e contorna educativa

A nova FP en España e en Galicia está profundamente marcada por:



- A Lei Orgánica 3/2022, de ordenación e integración da FP, que crea un sistema único onde toda a formación é acreditable, acumulable e capitalizable, e integra formación inicial, para o emprego, orientación e acreditación de competencias.
- Real Decreto 659/2023 e a súa modificación polo RD 658/2024, que desenvolven o novo Sistema de FP e establecen o calendario de implantación en Galicia, incluíndo módulos como Itinerario persoal para a empregabilidade, Dixitalización aplicada aos sectores produtivos, Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo e Habilidades comunicativas en lingua estranxeira.
- A aposta autonómica por formacións aceleradas, FP dual intensiva e aulas de emprendemento, en expansión na rede de centros galegos.

Ademais, o centro insírese na:

- Normativa de centros integrados de FP de Galicia (Decreto 266/2007).
- Estratexia FP Galicia 2030 e normativa estatal LO 3/2022 e RD 659/2023.
- Sistema de calidade da Rede de CIFP, con certificación ISO 9001, que xa figura no plan funcional anterior.

En canto ás instalacións, o centro conta cun único edificio de cinco plantas, cun patio interior central descuberto. Dúas desas plantas son semi sotos ao situarse por debaixo da planta baixa. Nesta última está a entrada principal, a maioría dos servizos administrativos e complementarios, xunto coas aulas, tanto teóricas coma prácticas.

Na primeira planta, sitúanse os talleres de hostalería e os de téxtil, xunto cos despachos de dirección. As aulas taller están equipadas con toda a maquinaria e infraestruturas precisas para impartir as respectivas especialidades. Nos últimos anos acometéronse reformas para adecuar ditos talleres ben ás normativas legais esixentes en materia de prevención de riscos ou de seguridade alimentaria, ben para unha maior correspondencia co sector produtivo. Tamén se crearon novas aulas taller e de informática e ese melloraron os equipamentos dixitais (novas aulas de cociña e téxtil, reforma da zona de economato, reorganización e aumento das aulas informáticas, modernización e equipamento e mobiliario nalgúns áreas).

Os espazos de xestión e de administración, así como áreas comúns, necesitarían dunha reforma e reorganización..

- Aulas teoría: 19
(situadas no andar 0 e nos -1 e -2)

ANDAR 0

- Aulas de informática: 2
- Taller aloxamento: 1
- Taller téxtil: 1
- Aula polivalente con equipamento informático para cada alumno/a
- Taller de panadería e pastelería: 2
- Vestiarios alumnos: 2
- Biblioteca e sala de lectura: 1
- Viveiro de empresas: 1
- Sala de xuntas: 1
- Secretaría
- Conserxaría
- Departamento de Relacións coas Empresas e FCT
- Departamento de Orientación
- Espazo COVID
- Almacén 1

ANDAR 1

- Taller de cociña: 3
- Taller de cafetería: 2
- Taller restaurante: 1
- Taller de confección: 2
- Taller de arranxos: 1
- Taller de marroquinería: 1
- Taller de patronaxe: 1
- Economato: 1
- Despachos de dirección

ANDAR 2

- Sala de profesores: 1
- 9 Despachos de departamentos e coordinacións (compartidos)

ANDAR -1

- Taller de lavandería: 1
- Taller industria alimentaria: 1
- Laboratorio físicoquímico: 1
- Laboratorio microbioloxía: 1
- Planta de elaboración: 1

ANDAR -2

- Aula de cata: 1
- Laboratorio téxtil: 1
- Vestiarios profesores: 2
- Salón de eventos

ANDAR -3

- Almacéns: 2



No tocante ao alumnado, nos últimos 4 anos a matrícula incrementouse ao redor dun 40% o número de alumnado, sendo cada vez máis patente nas aulas o aumento de alumnado de orixe estranxeira e alumnado con algún tipo de necesidade educativa específica (aumento de casos de alumnado con problemas de saúde mental).

A familia de hostalería segue a ser a que acumula maior número de alumnado, se ben hai ciclos cunha alta demanda como poden ser as Duais Intensivas coa empresa Inditex.

Retos para o período 2025-2026 derivados da análise do contexto

1. Pedagóxicos:

- Como usar IA xerativa, titores virtuais, corrección automatizada, etc., sen substituír o criterio docente nin a avaliación auténtica.
- Como evitar o "copia e pega con IA" e, en cambio, ensinar a usala como ferramenta profesional.

2. Curriculares:

Actualización dos currículos e programacións cada vez máis a miúdo, para a súa adaptación continua aos desafíos da dixitalización, IA, sostibilidade, internacionalización e emprendemento.

Nalgúns ciclos (hostalaría, industria alimentaria, textil, administración, TIC...) xa se está empezando a falar de IA aplicada (por exemplo, predición de demanda, deseño automatizado, optimización de produción). Non abonada con "manexar una máquina", hai que ensinar a interpretar datos e interactuar con sistemas dixitais complexos.

3. Éticos e legais:

- A implantación plena do novo modelo de FP (incluíndo a extensión da FP dual como modalidade xeral).
- A resposta ás necesidades dun alumnado crecente, diverso e con itinerarios cada vez máis personalizados.
- Aplicar os principios da Lei Europea de IA (AI Act) e da normativa de protección de datos ao contexto FP.

4. Clima escolar:

A integración social e educativa do alumnado non se pode entender só en clave académica, senón tamén:

- Como resposta a unha diversidade crecente (cultural, lingüística, funcional, emocional).
- Como necesidade de reforzar os mecanismos de acollida, orientación, apoio e acompañamento persoal.
- Como oportunidade para consolidar o centro como espazo de inclusión, equidade e mobilidade social, aliñado cos obxectivos da FP galega e cos seus propios plans de igualdade, convivencia e calidade.

O aumento da diversidade cultural, social, funcional e emocional vai requirir:

- Metodoloxías máis flexibles e inclusivas, baseadas en aprendizaxe cooperativa, traballo por proxectos e estruturas claras.
- Un reforzo das competencias socioemocionais e da xestión de aula por parte do profesorado, algo que se debe recoller explicitamente na formación interna e no Plan de Formación do Profesorado do centro.



- Unha coordinación estreita entre tutoría, IOP, coordinación de convivencia e equipo directivo, para asegurar respostas coherentes e non fragmentadas

5. Xestión de centro e do seu persoal:

- Nova implantación de módulos de dixitalización, sostibilidade, empregabilidade e inglés profesional en varios ciclos.
- Consolidar modelos híbridos (presencial + virtual) sen perder a esencia práctica da FP.
- Xestionar microcredenciais e evidencia dixital de competencias (portafolios, badges, certificados dixitais).
- Aplicación de criterios criterio de sostibilidade en todos os procesos do centro (optimización de recursos e tempos, reducir desperdicio, mellorar eficiencia enerxética).
- Formar tanto profesorado como alumnado en pedagogía dixital: aprender a aprender en contornas dixitais (autonomía, xestión do tempo, autorregulación)
- Desenvolvemento de espazos dixitais: actualización constante da web e co afianzamento da aula virtual do centro como intranet e espazo para a docencia; con recursos propios como PaseoFormativo, que ofrecen recursos en liña para o alumnado e o profesorado.

2 Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP

Como membro da Rede Galega de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia, o centro comparte a súa visión e compromiso coa calidade (MD51LID02 Política de Calidade. Data: 01/09/2024. Versión 3):

Misión

Descríbese nos seguintes puntos:

- Establecer unha oferta de Formación Profesional flexible, de calidade e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas polo mundo produtivo, proporcionando servizos para a cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida.
- Participar no procedemento para o recoñecemento, a avaliación e a acreditación de competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación no marco do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Prestar servizos de información e de orientación profesional ás persoas para tomar as decisións máis axeitadas respecto da súa carreira profesional.
- Establecer un espazo de cooperación entre o sistema de Formación Profesional e o ámbito produtivo sectorial e local, para desenvolver e estender unha cultura da formación permanente.
- Fomentar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, con especial incidencia na erradicación de prexuízos.
- Facilitar o acceso da mocidade ao primeiro emprego, así como a conservación e mellora do posto de traballo dos traballadores e das traballadoras, mediante unha oferta formativa de calidade que promova a aprendizaxe permanente e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos.



- Impulsar e mellorar as aptitudes e as competencias do alumnado, promovendo proxectos de iniciativa emprendedora, mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación, nun contexto internacional.

Visión

Como Centros Integrados de Formación Profesional proporcionaremos unha formación integral ao noso alumnado que lle facilite a participación activa e responsable como cidadáns, polo que ofreceremos unha oferta formativa completa e de calidade que conduza á obtención de títulos de formación profesional e á acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, atendendo as necesidades que demande o mercado laboral e consolidando vínculos con todas as empresas da contorna.

Valores

Orientamos as nosas accións para:

- Fomentar valores de convivencia, cooperación e respecto.
- Ofrecer uns servizos educativos de calidade.
- Mellorar continuamente a calidade dos servizos prestados, a través da innovación e o traballo en equipo, para crear valor aos nosos usuarios mediante un sistema de calidade total co compromiso de cumprir cos requisitos do sistema e de mellorar continuamente a súa eficacia.
- Lograr a satisfacción da comunidade buscando atender as súas necesidades e adiantándonos ás súas expectativas, observando o cumprimento da misión, visión e valores da institución
- Ofrecer as cualificacións profesionais requiridas para dar resposta ás necesidades e demandas do noso ámbito socioeconómico.
- Optimizar os recursos públicos dispoñibles, fundamentados nas tecnoloxías da información e da comunicación, para reproducir procesos sustentables, cun profesorado formado tanto na didáctica coma nas innovacións tecnolóxicas.
- Fomentar o espírito emprendedor e o desenvolvemento de actividades empresariais.
- Contribuír ao logro das actuacións e os obxectivos de calidade establecidos no Plan estratéxico da Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Desenvolver vínculos co sistema produtivo da contorna (sectorial, comarcal ou local) nos ámbitos seguintes
 - Formación do persoal docente de Formación Profesional.
 - Formación do alumnado en centros de traballo e realización doutras prácticas profesionais.
 - Orientación profesional.
 - Participación de profesionais do sistema produtivo na impartición de docencia.
 - Colaboración na detección de necesidades de formación permanente dos traballadores e das traballadoras, así como na información e orientación das persoas usuarias, tanto a título individual como colectivamente.

Obxectivos estratéxicos e específicos



Tendo en conta o dito e tomando como referencia a Estratexia FP2030, mantéñense os seguintes obxectivos marco:

EIXO	ACCIÓNS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
EIXO 1: Formación adaptada (O1)	Consolidar a oferta actual das tres familias profesionais, avaliando anualmente a súa adecuación en termos de demanda, inserción laboral e perfís profesionais emerxentes. Presentar, cando proceda, propostas de novos ciclos, cursos de especialización ou formacións aceleradas ligados a hostalaría sostible, calidade alimentaria avanzada e téxtil/moda responsable	01.1. Implantar plenamente os módulos transversais da nova FP. Deseñar e homoxeneizar, a nivel de centro, criterios comúns para os módulos de <i>Itinerario Persoal para a Empregabilidade</i>, <i>Dixitalización aplicada</i>, <i>Sostibilidade aplicada</i> e <i>Habilidades comunicativas en lingua estranxeira</i>, garantindo a súa integración real nas programacións 01.2. Mellorar a organización académica e o uso de espazos Optimizar a planificación de horarios, talleres e aulas informáticas, reducindo cambios de aula non previstos e mellorando a coordinación coas AFD, probas libres e FCT/FEM
EIXO 2: Acreditación, Recualificación e Aprendizaxe ao longo da vida (O2)	Aumentar o número de cidadáns con competencias profesionais acreditadas e mellorar a recualificación de persoas adultas.	2.1. Consolidar e visibilizar o servizo de acreditación de competencias profesionais. Establecer unha planificación anual de procesos de acreditación, con difusión específica ás empresas colaboradoras e ás persoas traballadoras do sector. 2.2. Mellorar a información para inserción laboral do alumnado titulado e o se seguimento Deseñar un procedemento sistemático de recollida de datos de inserción e itinerarios profesionais (enquisas, contacto con empresas, redes sociais profesionais) e incorporalo á revisión anual do plan funcional.
EIXO 3: Orientación e Difusión (O3)	Reforzar a orientación académica e profesional, así como a difusión da FP galega, especialmente mediante redes sociais, xornadas e colaboración cos IES da contorna	3.1. Reforzar a orientación académica e profesional en coordinación cos IES da contorna. Potenciar xornadas de portas abertas, visitas a centros de secundaria, actividades de difusión da FP e accións específicas co alumnado con NEAE ou de orixe estranxeira. 3.2. Mellorar o acompañamento do alumnado ao longo dos seus itinerarios. Implementar un programa propio de benestar emocional e de acompañamento titorial, coordinado coa orientación e co Plan de Convivencia, que inclúa actuacións específicas en FP Básica e ciclos con maior complexidade convivencial. 3.3. Consolidar a difusión da oferta e das actividades do centro en contornas dixitais. Actualizar de forma continuada a páxina web, as redes sociais e PaseoFormativo, incorporando información sobre ciclos, servizos, proxectos e bolsa de emprego.



EIXO 4: Innovación e Dixitalización (04-05)	Promover a participación en proxectos de innovación e consolidar o Plan Dixital de Centro, acadando un alto grao de execución dos seus obxectivos.	4.1. Promover proxectos de innovación vinculados ás familias profesionais do centro Priorizando aqueles baseados na sustentabilidade, na dixitalización e na responsabilidade social e desenvolvemento das soft skills. 5.1. Diseñar e desenvolver o Plan Dixital axeitado ás necesidades da comunidade educativa. Completar a implantación do plan, acadando un alto nivel de execución dos obxectivos e mantendo actualizadas as guías de uso de ferramentas e equipos. 5.2. Potenciar o uso da aula virtual como intranet e espazo central de ensino-aprendizaxe. 5.3. Integrar a Intelixencia Artificial de forma ética e pedagoxicamente sólida. 5.4. Actualizar progresivamente talleres e laboratorios cara a contornos "conectados" Priorizar investimentos en equipamento ligado á industria 4.0 (software específico, sensorización básica, sistemas de xestión de almacén e economato, tecnoloxías de calidade e seguridade alimentaria, etc.).
EIXO 5: Emprendemento (06)	Fomentar o espírito emprendedor entre o alumnado, aproveitando o potencial das aulas de emprendemento e da cultura emprendedora do centro.	6.1. Consolidar o concepto de aula de emprendemento Dar continuidade e maior visibilidade ás accións de emprendemento (Eduemprende, Innovatech, proxectos propios por familia), asegurando que todas as familias profesionais participen, polo menos, nunha actividade emprendedora ao longo do ciclo 6.2. Potenciar o viveiro de empresa como recurso formativo. Utilizar o viveiro renovado para a simulación de empresas e o lanzamento de microproxectos emprendedores, en coordinación co departamento de FOL e coas familias profesionais.
EIXO 6: Internacionalización (07)	Manter o número de grupos bilingües/plurilingües e as mobilidades Erasmus+ de alumnado e profesorado.	7.1. Reforzar o enfoque plurilingüe da oferta. Manter e ampliar, cando sexa posible, as seccións bilingües e o uso de linguas estranxeiras en módulos non lingüísticos, así como o reforzo de idiomas a través de actividades complementarias, recursos na aula virtual e clubs de lectura en lingua estranxeira. 7.2. Visibilizar a dimensión internacional do centro. Difundir as experiencias de mobilidade, proxectos internacionais e colaboracións con outros centros e entidades europeas.



EIXO 7: Excelencia e Calidade (O8)	Consolidar a formación continua do profesorado e a mellora da calidade docente, aliñada co sistema de xestión da calidade e cos plans de mellora anuais	8.13. Adaptación constante da formación do profesorado ás novas demandas.
OBXECTIVO DE CENTRO: (O9) Benestar da comunidade educativa		9.1. Reforzar a convivencia, o benestar emocional e a inclusión Implantar un programa estable de benestar emocional, reforzar a formación do profesorado en xestión da convivencia e atención á diversidade, e mellorar a coordinación entre titoría, IOP, convivencia, igualdade e equipo directivo. 9.2. Mellorar a comunicación interna e a participación do persoal. Potenciar espazos formais e informais de coordinación (reunións de áreas, equipos de mellora, grupos de traballo) e de relación entre a comunidade educativa, incrementar a participación nas enquisas de satisfacción e visibilizar os resultados e accións derivadas
OBXECTIVO DE CENTRO: (O10) Mellora continua	Mellora continua dos recursos e da xestión e administración do centro	10.1. Mellorar os espazos e recursos do centro. Continuar o plan de modernización de talleres, mellora da sinalética, rehabilitación de baños, mellora de espazos de lecer e estudo, etc. 10.2. Optimizar a xestión económica dos recursos e dos espazos Consolidar o grupo de traballo de economato, xeneralizar o uso do software de xestión, avanzar na factura electrónica, etc., asegurando unha utilización eficiente e sostible dos recursos públicos

Estes obxectivos e liñas de actuación prioritarias serán desenvolvidas nos plan anuais do centro e especificamente nos plans de cada unha das áreas funcionais, coa debida temporalización e asignación de recursos necesarios a tal fin.

3 Sistema organizativo do CIFP

O Decreto 77/2011, de 7 de abril, que establece o Regulamento Orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e que será desenvolto na Orde 07/2011 de 29 de xullo. Neste decreto establecerase a estrutura funcional do centro en tres áreas funcionais para afrontar os fins e as funcións que lles son encomendadas a estes centros:


- Área de calidade, innovación e orientación profesional: terá como responsabilidade a xestión da calidade, a innovación educativa e tecnolóxica, a formación do profesorado, os programas



internacionais, a relación coas empresas, entidades, asociacións e outras institucións, a información e a orientación profesional, a organización e a xestión dos procedementos para a obtención dun título de formación profesional por vías de aprendizaxe non formais e de calquera outra proba que a consellería competente convoque.

- Área de formación: asume a responsabilidade na organización e xestión das actividades formativas e do persoal docente do centro integrado.
- Área de administración e xestión: correspóndelle a responsabilidade na administración e na xestión económica, administrativa, de material, de prevención de riscos laborais e de persoal non docente do centro integrado.

A coordinación destas tres áreas será asumida polos órganos unipersoais de goberno, que son a vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría respectivamente, e estando todos eles baixo a responsabilidade da Dirección do centro.



Mantense o Equipo de dinamización do Plan Dixital, creado co plan funcional anterior, encargado de analizar as necesidades do centro en cuestións TICS e de deseñar e desenvolver os Plans Dixitais anuais.

Por último, salientar que as características actuais do alumnado e o seu incremento fan necesario o reforzo do Departamento de Orientación, sendo insuficiente unha persoa para o seu correcto funcionamento. É de esperar algo similar no departamento de relacións coas empresas agora que coa nova lei o alumnado pasará máis tempo na empresa, presupoñéndose que aumenten o número de incidencias neste período.

Órganos colexiados de participación

O centro conta con dous órganos colexiados de participación: o claustro de profesores e o Consello Social.

O Claustro incrementou o número de membros considerablemente nestes últimos anos, debido igualmente ao incremento da oferta formativa, sendo unhas 95 persoas as que imparten docencia no noso centro. Delas, 43 son PTFP, 50 PES e 2 catedráticos.

Pola súa banda, o Consello Social está composto por trece persoas: tres membros da dirección, tres docentes do claustro, e os seguintes membros:

- En representación da administración: Félix López Graña, Javier Campa García e Isidoro Martínez Arca.
- En representación do ámbito empresarial: María Iglesias Albertino e Ana María de la Concepción Labrador.
- En representación do ámbito sindical: Montserrat Vidal Diz e Carmen Ginés Mayor.

Datos do persoal non docente

O cadro de persoal non docente está formado por 16 persoas, no que se inclúe a intérprete de signos e o auxiliar de conversa.

Respecto ao persoal de economato cabe dicir que unha persoa soa resulta insuficiente para cubrir o horario do centro. Ademais, faise necesario a estabilización desa praza, ata agora cuberta a través dunha comisión de servizos, xa que dadas as características deste posto, son moitas as variables que debe manexar para o correcto funcionamento do economato e poder garantir o subministro necesario para desenvolver as clases prácticas.

Igualmente, o incremento da oferta formativa, con grande incidencia na familia de hostalería e turismo e sobrecarga de traballo nas aulas taller de cociña, fai necesario a ampliación dunha praza de persoal de comedor (pinches-plonge).

4 Procedementos de xestión do CIFP

O CIFP Paseo das Pontes seguirá rexéndose por:

- O seu Sistema de Xestión da Calidade, baseado na norma ISO 9001 e no manual de calidade da Rede de CIFP. Nos documentos MD81PLA02 establécese o plan anual para cada un dos cursos académicos



incluídos neste plan funcional, e no MD62XES02 recóllense os indicadores para o seu seguimento e valoración do nivel de logro.

- As Normas de Organización e Funcionamento (NOF) vixentes, adaptadas se é preciso á nova realidade da FP.
- Aqueles outros procedementos establecidos ben a través de protocolos internos, ben mediante Ordes e Instrucións da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no relativo a:
 - Programación didáctica por ciclos e módulos.
 - Xestión da FP dual, prácticas en empresas (FCT) e bolsa de emprego.
 - Avaliación, seguimento e mellora de resultados (taxas de éxito, abandono, inserción).
 - Comunicación interna (claustro, CCP, comisións) e externa (web, redes sociais, relación coas familias e empresas).
 - Xestión da formación para o emprego, acreditación de competencias e formación modular.

5 Oferta integrada

5.1 Ensinanzas propias da formación profesional inicial

O centro conta cunha oferta estable de formación profesional inicial nas familias de Hostalería e Turismo, Industrias Alimentarias e Téxtil, Confección e Pel, nas que se imparten ciclos tanto en modalidade presencial como nas modalidades de adultos, en réxime modular, distancia e FP Dual.

Este curso implantouse un novo ciclo de FP Básica (Tapizaría) e un curso de FP Acelarada.

FORMACIÓN REGRADA EN RÉXIME ORDINARIO

Código	Familia	Ciclo (1º e 2º curso)
--------	---------	-----------------------

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

CD1HOT001200		Aloxamento e lavandaría
CD1TCP001100		Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel.
CD1TCP001100		Tapizaría e cortinaxe

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

CD2HOT000100		Cociña e gastronomía (2 liñas: Grupo A e B)
CD2HOT000200		Servizos en restauración
CD2INA000300		Elaboración de produtos alimentarios
CD2TCP000100		Confección e moda

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR



CD3HOT000400		Dirección de cociña
CD3HOT000500		Dirección de servizos de restauración
CD3INA000200		Procesos e calidade na industria alimentaria
CD3TCP000100		Patronaxe e moda
CD3TCP000300		Vestuario á medida e de espectáculos
CD3HOT000100		Xestión de aloxamentos turísticas

FORMACIÓN DE ADULTOS EN RÉXIME MODULAR

Código	Familia	Ciclo (Todos os MD)
FORMACIÓN PRESENCIAL		

ZMHOT01		Cociña e gastronomía
---------	---	----------------------

FORMACIÓN A DISTANCIA

ZMINA01		Panadaría, repostaría e confeitaría
ZSTHOT05		Dirección de servizos de restauración
ZSTCP01		Patronaxe e moda

FORMACIÓN DUAL INTENSIVA

Empresas

ZSHOT04		Dirección de cociña	Varias empresas
ZSHOT05		Dirección de servizos de restauración	Varias empresas
ZMHOT01		Cociña e Gastronomía	Varias empresas
ZMINA01		Panadaría, repostaría e confeitaría	Varias empresas
ZMINA03		Elaboración de produtos alimentarios	Varias empresas
ZMTCP01		Confección e moda	Inditex
ZSTCP01		Patronaxe e moda	Inditex

CURSO DE ESPECIALIZACIÓN

CE2HOT005000		Panadaría e bolaría artesanal
--------------	---	-------------------------------

FORMACIÓN ACELERADA

ZD2HOT000200		Servizos de Restauración
--------------	---	--------------------------



As limitacións de espazo no centro son unha das maiores dificultades á hora de ampliar a oferta de ciclos e coordinar a existente con outras accións formativas.

5.2 Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras

O centro continuará potenciando:

- Programas de FP dual intensiva en colaboración con empresas da contorna.
- Bolsa de emprego do centro, coordinada polo Departamento de Orientación

Accións formativas para desempregados

Cada curso os departamentos da familias profesionais do centro elaboran un informe no que se recollen as propostas de accións formativas para desempregados, tendo en conta a dispoñibilidade de espazo e de profesorado, así como a información recompilada dende o departamento de Información e Orientación Profesional, a través da bolsa de emprego, e do departamento de Relacións coas Empresas.

Así, dende hai anos e de forma continuada, vense ofertando cursos AFD de cualificación 1, nas tres familias profesionais do centro, e que se viu incrementada nos últimos cursos con formacións de nivel 2:

- HOTR0108 Operacións básicas de cociña
- HOTR0109 Operacións básicas de pastelería
- HOTR0208 Operacións básicas de restaurante e bar
- TCPF109 Arranxos e adaptacións de artigos e prendas téxtil
- INAF0108 Panadaría e bolaría
- INAF0109 Panadaría e confeitaría

Outros cursos de nivel 2, como o de Servizos de Restaurante, ou os de nivel 3 como o de sumillería, son pedidos habitualmente dende o centro pero non concedidos pola autoridade competente.

Tamén aquí o problema de espazos e os horarios dispoñibles do profesorado resultan unha dificultade para asumir unha oferta formativa maior.

Igualmente, a enorme carga administrativa que supoñen estes cursos dificulta o atopar persoas dispostas a coordinalos.

Acreditación de competencias

O centro dispón de comisións de avaliación de competencias profesionais nas tres familias profesionais, participando ademais no deseño de procesos de acreditación para empresas (como no caso de Inditex).

Dende hai dous cursos púxose en marcha un programa de tutoría ARA, na que membros da comisión de admisión orientan e acompañan ás persoas no proceso de crear unha solicitude, fomentando así tamén a adquisición de competencias dixitais por parte da cidadanía.

Bolsa de emprego

Dende o departamento de información e orientación profesional xestiónase a bolsa de emprego, á que teñen acceso o alumnado do centro, estea aínda estudando ou non, con ofertas que nos fan chegar as



empresas. Tamén se lle dá difusión en redes sociais, compartíndoas, a aquelas ofertas publicadas directamente polas empresas en redes e que poidan ser de interese para o noso alumnado.

5.3 Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada

O centro colabora co tecido produtivo cedendo as súas instalacións para a impartición puntual de certas accións formativas nas que o noso alumnado e profesorado tamén poden participar, fomentando así a actualización permanente de coñecementos vinculados á súa competencia profesional.

Ademais, a súa oferta formativa axéitase a este colectivo:

- Formación modular para persoas adultas, en réxime presencial e a distancia, permitindo itinerarios flexibles por módulos (en particular nos ciclos de CM e CS).
- Formacións aceleradas, priorizadas pola Consellería para dar resposta rápida ás demandas de cualificación (especialmente en áreas de alimentación, hostalaría e servizos).

5.4 Outras

O centro está a implantar na súa web un espazo, a modo de blog, onde tanto o profesorado coma o alumnado, teñan acceso ás distintas ofertas educativas que chegan ao centro.

6 Programacións das accións formativas existentes no CIFP

As programacións poderanse consultar, para cada curso escolar, na plataforma de programacións, estando tamén a disposición do público na web do centro.

En canto aos cursos AFD, as súas programacións facilítanse directamente ao alumnado e súbense á plataforma SIFO da Consellería de Traballo.

7 Plan de orientación profesional

O centro conta cun plan de orientación profesional (POP) que se xunta como anexo

7.1 Plan de acción tutorial

Preséntase incluído no POP.

8 Proxecto lingüístico do CIFP

Parello aos obxectivos de mellorar a internacionalización do alumnado, o proxecto lingüístico debe recoller a mellora de competencias en linguas estranxeiras do alumnado, nomeadamente inglés por ser a lingua empregada como vehicular nas relacións comerciais.

Por outro lado, a dinamización e fomento do emprego do galego no centro segue a ser unha das prioridades, de forma que axude a alumnado de fóra mellorar a súa capacidade de integración na comunidade galega.



Neste senso, dende os últimos anos estase a ofertar clases de reforzo en lingua estranxeira (non curricular) para o alumnado, pero tamén clases de reforzo en galego coa axuda da intérprete de signos do noso centro.

9 Plan de autoprotección

O centro conta cun plan de autoprotección actualizado, cun programa anual de formación e simulacros. Este plan revisase de forma anual para incluír no mesmo as melloras ou modificacións nas infraestruturas cando proceda. Toda a información pode consultarse a través do espazo específico creado na aula virtual do centro.

10 Plan de organización e convivencia da residencia

O centro non conta con residencia de alumnado, polo que non procede un plan específico de convivencia de residencia. Aínda así, os principios de convivencia, igualdade e respecto recollidos no Plan de Convivencia do centro aplícanse ao conxunto de espazos e actividades.

11 Disponibilidade e accesibilidade aos servizos e ás instalacións do CIFP

Durante o curso escolar o centro permanece aberto dende as 8.15 h ata as 22,00 h, dispoñendo o alumnado de 15 minutos máis dende a hora de peche para poder saír. As ensinanzas impártense a distintas horas dependendo do réxime do que se trate.

As ensinanzas impártense a distintas horas dependendo do réxime do que se trate:

- Con carácter xeral o período lectivo matinal será de 8.30 h ata 15.00 h cun descanso de trinta minutos ás 11.30h.
- A quenda de tarde será de 15.30 h ata 22.00 h, tamén cun descanso de media hora ás 18,30. As ensinanzas do réxime modular de adultos que non superen as 5 horas lectivas continuadas, non teñen descanso.

En días non lectivos o horario do centro será de 9 a 14,00 h excepto en períodos vacacionais, que será de 9 a 13,00 horas.

As variacións que poidan producirse sobre estes horarios ou días de apertura son notificados á comunidade educativa nomeadamente mediante carteleira colocada no propio centro, podendo empregarse outros medios coma a aula virtual e as redes sociais.

O persoal traballador do centro deberá rexistrar a súa entrada e saída do centro conforme á súa xornada laboral.

Servizo de conserxaría



O horario de atención ao público en conserxaría será de 8,30 a 21,30 horas, con independencia de que o centro teña un horario de apertura maior. De forma xeral, encárgase de realizar tarefas básicas para o funcionamento diario do centro:

- Apertura e peche das instalacións, ao inicio e fin de cada xornada.
- Control de accesos ás instalacións e custodia de chaves
- Xestión da entrada e da saída do correo postal.
- Atención informativa básica ás persoas, ben mediante teléfono, correo electrónico ou presencialmente.

Custodia de equipamentos audiovisuais e informáticos e reservas de aulas e espazos

A reserva de espazos ou equipamentos realizarase a través da aula virtual do centro, no espazo habilitado a tal fin, salvo instrución contraria da dirección. O persoal de conserxaría facilitará á persoa con reserva o material ou o acceso á espazo solicitado. Entre o equipamento audiovisual e informático que o profesorado pode solicitar atópase:

- Ordenadores portátiles e tablet
- Lousa dixital portátil e Punteiros para ela
- Proxectores
- Cámara fotográfica
- Equipo de gravación de son, auriculares, walkitalkies

Servizo de reprografía (só para o persoal do centro):

O centro dispón de fotocopiadora a cor, ata tamaño A3 e posibilidade de plastificar e encadernar documentos en espiral, dispoñible só para o profesorado. O persoal de conserxaría será o responsable do servizo de reprografía e conserxaría, e para o seu uso terase en conta os seguintes parámetros:

- Os materiais necesarios para o estudo/seguimento do módulo deberán estar colgados na aula virtual e será responsabilidade do alumnado a súa impresión ou non. O profesor non solicitará copias impresas destes materiais nin encadernacións para o alumnado.
- Permítese impresión e fotocopias cando se trate de exames, fichas para traballos puntuais en aula e materiais e apuntamentos propios para uso do profesorado.
- Sempre que sexa posible, imprimirase a dobre cara e evitarse o uso innecesario de cor.
- Para facilitar a organización do traballo en conserxaría as impresións deberán solicitarse en conserxaría cun mínimo de 24 horas de antelación, agás excepcións xustificadas, e preferentemente a través do correo electrónico info@paseodaspontes.gal, especificando persoa que o solicita, número de copias e características das mesmas.
- Non se permite a reprodución de libros agás que se teña autorización expresa do autor.
- Para a impresión/fotocopiado doutros materiais será necesario a autorización da dirección. O profesorado poderá solicitalo a través do departamento da súa familia profesional, xustificando a petición en base ao recollido na programación do módulo do que se trate.



En calquera caso, a realización de copias, impresións ou escaneadas deberá cumprir coa lexislación vixente en protección dos dereitos de autor. A responsabilidade do seu incumprimento será exclusiva do usuario.

Servizo de secretaría

O Servizo de Secretaría terá un horario de atención ao público de luns a venres de 09:00 h a 14:00 horas; e en quenda de tarde os luns e mércores de 16:30 a 18:30 horas. Este horario poderá ser modificado por necesidades de servizo en períodos nos que se estima que poida ter maior demanda, nomeadamente períodos de matriculación do alumnado.

A secretaría non fará fotocopias ao alumnado.

Servizo de información e orientación profesional

A través do servizo de orientación o alumnado terá acceso a distinta información que lle poida resultar de interese, como bolsas e axudas, acreditación de competencias, posibilidades de completar a formación, ofertas de traballo, etc.

Bolsa de emprego

A bolsa de emprego é un servizo gratuíto tanto para as empresas coma para o noso alumnado ou aquelas persoas que tivesen cursado algunha formación no CIFP Paseo das Pontes. Ten como fin axudar ao alumnado na procura de traballo e achegar ás empresas persoas que se adaptan ao perfil profesional que buscan.

Banco de empréstamo

O centro pon disposición do alumnado un servizo de empréstamo para aquelas persoas que pola súa situación nos dispoñan dos recursos suficientes para asumir o custe do material obrigatorio para a asistencia ás clases. Será a titoría que faga unha primeira valoración das necesidades do alumnado e en base a iso contactará co servizo de orientación para concertar unha entrevista co alumnado e tramitar a solicitude se procede.

A solicitude debe ir acompañada dos documentos que acrediten as circunstancias alegadas polo alumando. A resolución da solicitude virá condicionada pola dispoñibilidade de materiais en préstamo dos que dispoña o centro e por outras circunstancias como a posibilidade de optar a outro tipo de axudas.

O alumnado beneficiado deste servizo deberá asinar un documento de entrega no que se comprometerse no coidado e devolución en perfecto estados dos materiais prestados ao remate de curso escolar vixente.

Biblioteca

A sala de lectura e de estudo estará dispoñible para a comunidade educativa en horario de mañá e de tarde. As normas específicas de uso desta sala estarán dispoñibles na aula virtual e a través de carteleira nese mesmo espazo, así como o horario concreto de apertura

Para a organización e desenvolvemento das actividades e mantemento dos recursos da biblioteca, xunto coa coordinación da mesma establecerase un equipo de biblioteca con asignación horaria para tales funcións, ben sexa contabilizadas como outras actividades ou coma gardas.



A biblioteca conta con fondos bibliográficos de distinto tipo e con espazos para o traballo colaborativo ou o traballo con ordenadores. Estes, ademais de conexión a internet, estarán dotados con programas informáticos empregados nas distintas familias profesionais, de forma que o alumnado teña acceso aos mesmos para poder realizar prácticas específicas ou traballar con eles.

Os libros cun punto vermello no lombo só poderán ser consultados na sala (están situados nunha vitrina pechada). Os libros marcados cun punto laranxa non lombo son libros de préstamo exclusivo do profesorado. Todos os libros deben estar rexistrados e catalogados a través do programa informático correspondente, incluídos os libros dos departamentos, marcándoos coa cor que estes determinen.

Servizo de empréstito

- Para usar o servizo de préstamo será obrigatorio presentar o DNI ao responsable e rexistrar o empréstito, non estando permitido retirar da biblioteca ningún elemento sen autorización.
- Os materiais prestados deberán devolverse nun prazo máximo de 15 días.
- O número máximo de libros empréstados é de 3.
- O préstamo é tramitado polo responsable da biblioteca e o profesorado con gardas na mesma. Facilitarán os materiais ao alumnado previa presentación do DNI.
- O incumprimento do prazo de devolución impide novos préstamos e terá a consideración de falta contraria as normas de convivencia. A mesma consideración terá o deterioro ou perda dos materiais prestados, supoñendo ademais que o alumnado deba proceder á súa reposición ou abono en metálico.
- As persoas usuarias dos servizos de acreditación de competencias e/o participantes en cursos AFD terán acceso ao servizo de biblioteca, facilitándoselle para iso un carné temporal.

Aula taller restaurante e cafetería

Ditos espazos no CIFP Paseo das Pontes estará supeditados ao desenvolvemento das clases nas aulas taller de hostalería. O departamento informará das datas de funcionamento do servizo e o profesorado responsable da súa xestión. Tamén informará de normas específicas para comedor de habelas, debendo contemplarse, ademais, as seguintes:

- non será posible acceder ao comedor sen reserva previa.
- servizo de comedor está a disposición da comunidade educativa. O acceso ao servizo de persoas ajeas a estas deberán ser autorizadas pola dirección.
- custe de servizo de comedor será indicado ao inicio de cada curso, podendo establecerse distintos prezos segundo o colectivo do que se forme parte ou o tipo de servizo que vaia realizarse. A dirección establecerá as pautas polas que se xestionará o seu cobro.
- deberá levarse un rexistro diario de persoas que fan uso dos comedores do centro e no mesmo xuntarase a folla do menú. No caso de que os comensais pertencen á comunidade educativa chegará con anotar o seu nome completo. No caso de reservas de mesa externas e invitados, poderán rexistrarse os datos no mesmo libro de reservas, co nome completo de todos eles, e un número de teléfono de contacto.

Ao finalizar o servizo o profesorado responsable deberá facilitar á dirección o rexistro do servizo de comedor, xunto co arqueio de caixa, entregando o cobrado polo servizo, ben sexa en metálico, ben sexa con invitacións ou outra forma de pago que a dirección determine.



A dirección do centro poderá adaptar o horario de apertura do comedor para a súa adecuación ao horario de clases.

Viveiro de empresas

O viveiro de empresa do CIFP Paseo das Pontes dá soporte aos emprendedores no desenvolvemento do seu proxecto empresarial en Galicia. Ten como obxectivo facilitar ao alumnado espazos e asesoramento axeitado para a posta en marcha do seu negocio:

- Formación e apoio do profesorado que imparte formación relacionada co sector no que se desenvolverá o proxecto.
- Tutoría pola coordinación de emprendemento, responsable do seguimento e da orientación no proxecto.
- Espazo físico para o desenvolvemento das actividades das persoas emprendedoras con moblaxe básica propia dunha oficina, cos equipamentos informáticos e de telecomunicacións.
- Servizos asociados ás infraestruturas (seguridade, limpeza, luz, etc.), e servizos auxiliares como conexión a internet.
- Apoio na difusión do proxecto a través de diferentes medios dos que dispoña o centro.

Poderá solicitar o uso do viveiro para o desenvolvemento dun proxecto o alumnado matriculado no CIFP Paseo das Pontes ou que rematara os seus estudos nos últimos catro anos nalgunha ensinanza sostida con fondos públicos de Galicia de: formación profesional, artes plásticas e deseño; superiores de deseño, de conservación e restauración de bens culturais, de arte dramática, de música, de danza; deportivas, bacharelato e educación secundaria para persoas adultas (ESA).

Aparcamento

O centro dispón de dúas zonas diferenciadas de aparcamento, dispoñible só para os traballadores do mesmo, non estando permitida a entrada con coches/motos ao alumnado.

O persoal externo ao centro autorizados a facer uso do aparcadoiro deberán chamar ao timbre situado no muro e identificarse previamente para que a conserxaría lle abra a barreira.

Está prohibido estacionar nas zonas delimitadas en cor amarelo, sendo de uso exclusivo para carga e descarga de provedores de servizos do centro.

O CIFP Paseo das Pontes non se fai responsable dos posibles roubos, danos e demais incidencias nos vehículos estacionados no recinto. O centro tampouco se se fai responsable das consecuencias derivadas de vehículos mal estacionados.

Se algún membro do alumnado tivese dificultades de mobilidade e precisase estacionar temporalmente no recinto escolar, poderá presentar unha petición (modelo solicitude xenérico) na secretaría do centro, debendo xustificar documentalmentemente a súa necesidade. En caso de concedérselle o permiso, deberá colocar no vehículo a estacionar a tarxeta identificativa que lles será facilitada pola a dirección do centro.

As persoas que de feito reiterado non contemplan as normas de uso establecidas para esta zona poderá retirárselle a autorización de estacionamento na mesma.

Outros



Tanto o alumnado como o profesorado teñen a súa disposición armarios para o depósito das súas pertenzas. A dirección poderá establecer o abono dun depósito previo para o seu uso ou incluso unha contía non reembolsable.

O acceso a aulas e talleres, así como outros espazos do centro, queda regulado nas NOF, especificándose as normas concretas que deben cumprirse en cada un deles.

Por outra banda, o uso de talleres ou equipamentos dunha familia profesional diferente á da persoa solicitante, así como o emprego de impresora láser e estudo de gravación, deberá ser solicitado á dirección.

12 Dereitos e deberes do alumnado

Os dereitos e deberes do alumnado recóllense:

- Na normativa autonómica de convivencia e participación.
- Nas NOF do centro e no Plan de Convivencia actualizado.
- Nas guías de acollidas conforme ao modelo de calidade.

13 Outros proxectos ou plans que o CIFP pretende desenvolver

No período 2025-2029 prevese consolidar:

- Plan de Igualdade (coordinación específica, liñas de coeducación e promoción de vocacións non estereotipadas).
- Plan de Convivencia (mediación, prevención de acoso, benestar emocional).
- Plan Dixital de Centro, aliñado cos obxectivos da Consellería e do RD 659/2023.Xunta.
- Plan de Internacionalización, cun proxecto Erasmus de centro propio para as tres familias profesionais, ademais de participar Erasmus+, alianzas con centros doutros países, proxectos e-Twinning ou similares.
- Protocolos de actuacións nos talleres: APPCC, xestión de residuos

PROXECTOS QUE DESENVOLVAN A AXENDA 2030 E DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E SERVIZO Á COMUNIDADE

Paseolidarios, un proxecto posto en marcha co plan funcional anterior que ademais de ser unha ferramenta integradora das familias profesionais, permite traballar a maioría das *Soft Skills* que demanda o mercado, seguirá dando cobertura a gran parte das accións e actividades que se desenvolvan no centro.

Os dous conceptos básicos dos que se parte son a economía circular e a solidariedade. Recolle ODS da Axenda 2030 (nomeadamente o 2, 8, 9, 10, 11, 12, 16, 17) e pretende .

- Crear comunidades sustentables: tanto a nivel medioambiental, coma socialmente (tecendo redes colaborativas con entidades, administracións e outros centros educativos do noso centro).



- Fomentar a responsabilidade social da comunidade educativa, realizando tarefas de voluntariado, proxectos APS, doazóns de excedentes e produtos elaborados durante as clases, participando en distintos proxectos que fomenten a inclusión social, etc.

No primeiro caso preténdese deseñar un Plan de Sostibilidade e Seguridade nas aulas taller, que recolla protocolos de a xestión de recursos, a xestión de residuos, cumprimentos de normativas en hixiene, saúde laboral, seguridade alimentaria, etc.

En canto ao segundo punto, preténdese continuar coas doazóns realizadas ás distintas entidades sen ánimo de lucro e a realización de actividades que axuden na súa recadación.

- **Vivir a diversidade**

Comezado xa coa anterior dirección, é un proxecto totalmente asentado no centro. Trata de poñer en valor aspectos transversais como a tolerancia, a solidariedade e a inclusión social co apoio de organizacións de carácter social da contorna. A diferenza de Paseolidarios, neste caso trátase de fomentar a empatía cara persoas con diversidade funcional ao tempo que se dota ao alumnado de recursos dende unha perspectiva principalmente profesional e relacionada co desempeño no posto de traballo.

Así, convídase a distintos colectivos a acudir ao centro, que lles trasladan ao alumnado á súa realidade diaria, ao tempo que se lles instrúe en como atender a estes colectivos dende unha perspectiva profesional.

- **FP "adaptada"**

Este curso comezaremos o que será a terceira edición dun proxecto piloto iniciado co CEPR Nuestra Señora de Lourdes a través da integración nunha aula de ciclo medio de panadaría de alumnado dese outro centro.

Dentro destas dinámicas, o centro aposta por seguir desenvolvemento este programa e calquera outro desta índole que mellore a formación da cidadanía en xeral e fomente as súas posibilidades inserción social e laboral.

- **Programas de mentorización**

Continúase tamén cos programas de mentorización en TICS para toda a comunidade educativa e en procedementos de calidade para o claustro.

Estes programas de acompañamento pretenden mellorar as competencias da comunidade educativa, ao tempo que reducir as desigualdades no nivel de destreza entre eles. Por iso mesmo, a dirección valorará o iniciar novos programas relacionados con outras temáticas que axuden en ditas pretensións.

